

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2026, en réxime de concorrência non competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

BDNS (Identif.): 882879.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/882879>

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais de reparación de redes e as súas federacións, así como as demais asociacións de profesionais xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que desenvolvan as súas actividades profesionais no sector pesqueiro e teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Obxecto

A Orde ten por obxecto establecer, mediante a tramitación anticipada de gasto, as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2026, para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de axudas para accións formativas, financiadas polo FEMPA, que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).



Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2026, en réxime de concorrência non competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

Cuarto. *Contía*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de oitocentos mil euros (800.000,00 €) para o ano 2026, con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.03.422K.770.0 e 16.03.422K.781.0, código de proxecto 202300177, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O detalle da distribución do crédito é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	Código do proxecto	Anualidade 2026
16.03.422K.770.0	2023 00177	720.000,00 €
16.03.422K.781.0	2023 00177	80.000,00 €
Total		800.000,00 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o quinto día hábil posterior ao día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará cando se produza a primeira das seguintes circunstancias:

a) Que conforme as solicitudes recibidas, se esgote o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería do Mar, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes.

b) O 20 de outubro de 2026.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

Marta Barreiro Castro
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

